

# Seguimos en PROXECTO RÍOS:

## Inspección outono 2016

Un curso máis o IES de Ribadeo vai participar no Proxecto Ríos co obxectivo de sensibilizar ó alumnado da importancia de valorar e conservar o noso medio educando así nun desenvolvemento sostible.

O pasado luns, 14 de novembro, os alumnos de 4º ESO de Bioloxía acompañados polos profesores **Maxi Piñeiro** e **Susi Besteiro** saíron ó Río Pequeno durante tres horas para facer a toma de datos correspondente ó outono. Foi unha saída breve na que despois de percorrer o tramo de estudo observando canto era posible, o alumnado procedeu a facer as análises pertinentes co fin de cubrir a ficha na que se reflicten 3 aspectos do río: calidade hidromorfolóxica, calidade físico-química e calidade biolóxica.

Os resultados foron os seguintes:

### 1.- Calidade hidromorfolóxica:

**Hábitat:** a auga flúe, o nivel de auga é algo máis alto do esperado porque a semana pasada choveu moito e tamén quizás debido ó arrastre de materiais, a auga non está tan transparente coma outras veces. Hai frecuencia media de rápidos, o substrato son coídos e gravas con area e limos, a cobertura de vexetación acuática é escasa e o río está sombreado con claros. Isto lévanos a unha valoración final do hábitat boa, de 62 puntos, que se interpreta como un hábitat que pode soportar unha boa comunidade de macroinvertebrados.

**Bosque de ribeira:** Para unha primeira valoración empregamos o índice QRISI aplicándoo nas dúas marxes. Na dereita ten calidade moderada, con bastantes árbores propias de ribeira (amieiro, salgueiro, loureiro, freixo, ...) pero na esquerda ten calidade bastante menor xa que a intervención humana está máis presente (prado, casa, ....)

2.- **Calidade físico-química.** Medimos unha serie de parámetros e os resultados son os seguintes: temperatura de 12º, transparencia boa na zona de mostraxe xa que se aprecian os 4 sectores (pero desta vez, hai outras menos claras), nitratos entre 5-20mg/l, osíxeno disolto de 4mg/l e nivel de saturación de osíxeno do 34%.

3.- **Calidade Biolóxica:** para valorala, fixémonos sobre todo nos macroinvertebrados xa que son doados de capturar cun trueiro e son organismos bioindicadores que dan unha idea rápida da calidade do ecosistema. De maneira xeral, os ambientes degradados presentan unha menor cantidade e variedade de organismos. Identificamos: tricópteros (larvas con estuche) de tipo Limnephilidae e Sericostomidae, larvas de libélula (Gomphidae e Libellulidae) e de cabaliño do demo (Lestidae), moluscos (caracolas Lymnaeidae e lapas Ancylidae), dípteros (Tipulidae), Heterópteros como o zapateiro común (Gerridae) e tamén o escorpión de auga (Nepidae), megalópteros (Sialidae), vermes oligoquetos e arácnidos.

Segundo os macroinvertebrados atopados, tendo en conta que cada familia ten unha categoría (moi boa, boa, moderada, deficiente e mala) e que para determinar o rango de calidade debemos atopar polo menos 3 familias representadas que indiquen o mesmo, chegamos á conclusión de que o tramo de río estudado segue a presentar boa calidade tal como indican as larvas de libélulas, dos cabaliños do demo e os tricópteros.

### **Conclusión:**

O río segue a estar en bo estado e así o reflicten os datos da área de mostraxe. De calquera xeito, tamén reseñamos que noutro tramo (máis preto da casa) a auga estaba algo turbia e con algunha burbulla que pode evidenciar vertidos indesexables (deterxentes tal vez) e isto nunca o apreciamos. É máis, nesa zona sempre podíamos observar troitas pequenas.

Xa para rematar, simplemente dicir que nos parece moi importante facer este tipo de actividades porque ademais de facer unha clase distinta, o alumnado dáse conta de que ás veces pequenos estudos son suficientes para sacar algunhas conclusións importantes e ó mesmo tempo serven para concienciar da importancia que ten conservar o medio natural e de que somos cada un de nós quen debe facelo.